



© José Domingo

Banda deseñada en Galicia

Consellos prácticos para visitar a Feira de Boloña
O 'Novo libro branco' da ilustración gráfica

Editorial

Benqueridos socios:

O meu predecesor no cargo, o ínclito **Manel Cráneo**, xa dixera nalgunha ocasión coa súa ironía habitual que á nosa profesión non lle afecta esta crise porque levamos vivindo nela os últimos 30 anos. E algo de razón ten, xa que no medio desta decadencia económica á que algúns sectores amorais (léase política, inmobiliaria e banca) nos arrastraron, no medio desta precariedade que é resultado da caída de encargos e baixada de tarifas, sobreviven autores de gran valía que exercen esta profesión con dignidade artística e excelencia creativa e que son recoñecidos socialmente con premios e méritos.

Na nosa Asociación temos claros exemplos diso: **José Domingo** acadou o premio á mellor obra no Salón do Cómic de Barcelona; **David Rubín** (autor avalado por vendas internacionais) recibiu unha candidatura na mesma categoría; a **Alberto Guitián** correspóndelle parte do Goya que recibiu *Chico e Rita*, polo seu excelente traballo como fondista e deseñador de *props*; **Luis Sendón** foi finalista do Premio Castelao 2011 con *Sálpock*; **David Pintor** gañou do 2.º premio do concurso da Feira Internacional do Libro infantil e Xuvenil de Sharja —emirato árabe fronteirizo con Dubai—; **Xan López Domínguez** mereceu o premio CCEI por *La noche del Marramiá*; **María Noel** foi gañadora dun Mestre Mateo pola obra interactiva *Area fai seis*; **Kristina Sabaite** acadou o premio Xosé Neira Vilas de Ilustración (dos premios da Asociación Galega de Editores) por *Xa me tardan estes magos*; e **Anxo Fariña** obtivo o Premio Merlín 2011 por *A chave da Atlántida*.

Todos eles, e algún máis que seguro esquezo, sérveme para darvos ánimo a todos os socios e profesionais da ilustración. O noso presente é complicado, o noso futuro incerto, pero con traballo e determinación, con integridade persoal e profesional, e con coherencia artística, pódese sobrevivir e incluso pódese destacar no medio da mediocridade do mundo que nos rodea. Gocemos do noso oficio, desfrutemos creando, porque iso é un patrimonio que non se nos pode arrebatar.

Santy Gutiérrez

Presidente de AGPI

AGPIRINA n.º 9 • xullo 2012

Coordinación: Henrique Torreiro • **Maquetación:** Henrique Torreiro, sobre deseño orixinal de Alberto Guitián • **Imprime:** Lugami, Betanzos (A Coruña) • **Ilustración da portada:** José Domingo.

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN

Rúa Cardeal Cisneros 4-entr. dta., 15007 A Coruña
Apdo. 799, 15080 A Coruña
Tel. 981 908 874
www.agpi.es • correo@agpi.es



AGPI é membro de



Agpirina editada
co apoio de



Noticias das asociacións

• **APIC** (Cataluña) entregou en xuño os galardóns correspondentes á décima edición dos **Premios Junceda**, que cada ano subliñan o labor dos ilustradores cataláns en quince categorías. A lista completa de galardoados pode verse aquí: <http://goo.gl/dEgbZ>

• **APIV** (Valencia) preparou para a **Fira del Libro de València**, e conmemorando os quince anos de existencia da asociación, a exposición «**Líneas comprometidas**», unha reflexión sobre o compromiso en que 56 dos socios ilustran unha cita dun personaxe famoso. Máis información en <http://goo.gl/Yw375>

• **APIM** (Madrid) desenvolveu en decembro os seus **IX Encuentros**, nesta ocasión en torno ás relacións do deseño e a ilustración. O acto de clausura incluíu o nomeamento de **Antonio Minguete** como socio de honra. <http://goo.gl/iF1Ty>

• **APIE** (País Vasco) levou adiante en marzo, coa colaboración de **FADIP**, unha xornada de presentación de proxectos dixitais relacionados coa ilustración, cunha breve introdución aos formatos, plataformas e tendencias do aínda nacente mercado do libro electrónico. <http://goo.gl/n9UNs>

• Está a dar os seus primeiros pasos a Asociación de Ilustradores Profesionais de Andalucía (**AIPA**). Aínda sen formar parte da Federación, **FADIP** organizou con eles unha mesa redonda que tivo como relatores aos ilustradores **Pepo Pérez** e **Max**, e mais a avogada **Mariona Sardà**. <http://goo.gl/gG0vJ>

Toda a información actualizada das asociacións e o EIF, a través da web www.fadip.org

AGPI.ES A nosa sección de noticias recolle todo tipo de eventos, exposicións e presentacións. Calquera dos socios e socias pode dar publicidade a todas aquelas actividades ou publicacións relacionadas co seu propio traballo con só contactar con webmaster@agpi.es

As actividades da AGPI

Ás veces cómpre botar a ollada cara atrás para ver o conxunto de accións que desenvolve o mundo asociativo, porque axuda a comprender a súa relevancia. As circunstancias fixeron que desde o anterior número deste boletín teña transcorrido máis tempo do habitual, o que nos leva a repasar dous anos de actividades da asociación. Dous anos que, a pesar da crise que tanto nos afecta a todos, deron moito de si.

Seguramente a actividade máis importante deste período foi a edición e a distribución da *Guía AGPI Ilustración 2011*. Ademais de, naturalmente, ter chegado a todos e cada un dos socios e á administración pública (a Consellería de Cultura financiou a edición), a publicación foi remitida a dous centenares de empresas de Galicia e do resto do Estado: axencias de publicidade, editoriais, produtoras audiovisuais e de contidos multimedia, etcétera. Estes proxectos son sempre como mensaxes nunha botella lanzada ao mar: nunca se sabe cando poden ter efecto; non obstante, cóstanos o interese demostrado desde algunhas empresas, que mesmo pediron máis exemplares pola utilidade que demostraban ter. A *Guía* foi presentada ao público na **Festa do Libro da Coruña** —un programa de actividades en coincidencia coa celebración do Día das Letras Galegas de 2011— e desde entón está tamén en todas as feiras e festivais en que hai presenza do posto da **AGPI: AchegArte** (A Coruña, abril de 2011), **Viñetas desde o Atlántico** (A Coruña, agosto de 2011) ou **Culturgal** (Pontevedra, decembro de 2011). Á parte da súa versión en papel, a guía pode consultarse tamén en liña a través de **Issuu.com** e **CulturaGalega.org**. Os seus contidos, ademais, foron proxectados na «Festa das Letras» que organizou a plataforma **GaliciaenMadrid.com** no centro cultural La Tabacalera de Lavapiés, xunto cunha mostra das artes máis diversas que se producen hoxe en Galicia.

Exposicións. Despois de *E ata aquí podo ler...*, organizada para a **Feira do Libro da Coruña de 2010** —e cuxos marcapáxinas seguiron promovendo o

traballo dos nosos socios en feiras e festivais—, a **AGPI** retomou a organización de exposicións cunha nova colaboración co décimo terceiro **Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra** este ano 2012. De acordo co carácter da edición, dedicada á superstitiosa, a mostra centrouse nesa temática, co título de *Ilustradores galegos: habelos, hainos*. A exposición, composta por dezanove ilustradores e ilustradoras da **AGPI**, escollidos pola organización do salón, puido visitarse no Pazo da Cultura de Pontevedra, e tamén noutros lugares, como o Pazo da Cultura de Carballo, dentro da **VII Semana do Libro e a Lectura**. Os autores presentes na mostra son **Manuel Lariño, Almudena Aparicio, Aida Alonso Vázquez, Luís Sendón, Minia Regos, Alberto García Ariza, Carmen Ferrín, Ana Santiso, Augusto Metztlí, Pirusca, Kristina Sabaite, Matalobos, Tokio, Jorge Fernández Peral, Antonio Seijas, Noemí López, Eduardo Baamonde, Rubén Mariño e Hugo Covelo**, ademais do cartel do salón, a cargo de **Cristal Reza**. Todas as obras poden verse en liña na nosa web, en <http://www.agpi.es/exposicions.php>

Faladoiros. O ciclo **Tertulias AGPI** desenvolveu neste período outras tres citas, de temas tan diferentes como interesantes para os profesionais da ilustración. «**Ilustrar e escribir: unha relación de autores na literatura infantil e xuvenil**» foi o título da que contou con **Jacobo Fernández Serrano** como convidado especial, na Casa do Libro de Vigo (30 de setembro de 2010). A seguinte foi «**Os retos da era dixital: como afrontar os novos tempos no mundo da ilustración**», tema que abordou **Henrique Torreiro** na Galería Sargadelos da Coruña, o 16 de marzo de 2011.

*Tertulias*AGPI 4

Traballar no mercado americano



Convidado especial:
Fran Bueno

Xoves 19 de maio 2011, 19.00 h
ENTRADA LIBRE

Galería Sargadelos de Santiago
Rúa Nova 16, 15705 Santiago de Compostela

Co apoio de:



Organiza:



Colabora:





A «foto de familia» dos socios da AGPI asistentes ao Encontro de 2011, xunto con varios dos convidados. Como é tradicional, nas escaleiras da Quintana compostelá

FOTO © ÓSCAR VILLÁN

A titulada «Traballar no mercado americano», que tivo a **Fran Bueno** como protagonista na Galería Sargadelos de Santiago (19 de maio de 2011), puxo final polo de agora ao ciclo de faladoiros.

Encontros. A sétima edición do **Encontro Galego de Ilustración** desenvolveuse o 30 de outubro de 2010, e o seu programa tivo as intervencións de **Elena Odriozola** —que falou da súa experiencia como ilustradora, a súa forma de traballar e os seus enfoques creativos—, da axente **Sandra López** (de **Pencil Ilustración**) —que explicou como funciona unha axencia de ilustradores—, e de **Paula Jiménez de Parga** (directora de **VEGAP** en Barcelona) e **José Vicente Quirante** (director da **Fundación Arte y Derecho**), que explicaron o funcionamento de **VEGAP** e aclararon moitas das dúbidas que existen acerca das entidades de xestión dos dereitos de autor. Un ano despois, o 29 de outubro de 2011, o oitavo **Encontro Galego de Ilustración** reuniu en Santiago de Compostela a **Gemma Cortabitarte**, xerente da **APIC** (asociación profesional dos ilustradores cataláns), que falou sobre os retos da ilustración na actualidade; ao tándem **Xabier P. DoCampo** e **Xosé Cobas**, que falaron do proceso creativo entre escritor e ilustrador; e, nunha mesa redonda, ao editor **Manuel Bragado** (presidente ademais da **Asociación Galega de Editores**) e mais ao xornalista e profesor **Manuel Gago**, que falaron do dixital e de como afecta aos ilustradores.

Redes sociais. A maiores das ferramentas xa existentes dentro da **AGPI**—galerías en liña, noticias, blog, Flickr, grupo de correo, boletín electrónico de

na ilustración. Con toda seguridade, non será a última das incorporacións aos servizos da **AGPI** nas redes sociais.

Relacións institucionais. A nosa asociación participa tamén en moi diversas cuestións en representación e voz do mundo da ilustración en Galicia. Desde tomar parte na **FADIP** (a federación estatal), e a través dela no **EIF** (o Foro Europeo de Ilustradores), ata intervir en debates e mesas redondas —como a organizada polo congreso «**Ilustrando a diversidade**» (20-23 de febreiro de 2012) sobre os distintos soportes da ilustración, na que participou **Santy Gutiérrez** como presidente da **AGPI**—, pasando por acudir a xurados oficiais como o do **Premio Nacional de Ilustración**, convocado polo Ministerio de Cultura —os designados pola **AGPI** para formar parte dos xurados nos dous últimos anos foron **Manel Cráneo** e **Óscar Villán**, respectivamente—, as responsabilidades da nosa asociación son moi variadas e deben procurar estar sempre á altura das circunstancias para deixar ben alto o prestixio da nosa profesión. Isto implica tamén exercer de voz crítica coa Administración cando esta leva adiante políticas que os ilustradores consideran equivocadas; así, a «**Carta aberta ás institucións**» que se fixo pública o 20 de setembro de 2011 era unha chamada de atención ás diferentes administracións públicas ante a diminución de iniciativas relacionadas coas diferentes disciplinas da ilustración, tanto para profesionais como para novos talentos. O texto completo desa carta pode lerse na nosa web, en <http://goo.gl/vaHRY>.

As xestións que non se ven

Non todo o traballo desenvolvido pola asociación desde a súa directiva pode visibilizarse, ou faino moito despois de emprendido o labor. É o caso de moitos proxectos en relación coa Administración pública; por exemplo, durante 2011 houbo conversas coa **Consellería de Cultura da Xunta de Galicia** para lograr unha convocatoria de bolsas de creación de banda deseñada que superase os evidentes fallos da primeira edición. Naquela ocasión, a **AGPI** foi consultada, sempre de forma informal, sobre cuestións moi puntuais a respecto dun proxecto presentado anteriormente, nunha proposta de consenso, polos integrantes da chamada «**Mesa da BD**» (que agrupaba diversas asociacións relacionadas coa banda deseñada galega). Non obstante, o proxecto final pouco tiña que ver coas recomendacións feitas, e, dadas as protestas de moi diferentes voces do sector, incluída a da **AGPI**, esta foi convocada desde a Xunta para tratar de encontrar unha saída satisfactoria ás seguintes convocatorias. Desde un principio, a idea foi converter as bolsas en premios, para evitar os problemas de tipo legal que, aparentemente, imposibilitarían un desenvolvemento do proxecto sequera semellante ao inicialmente pensado. Aínda así, o problema estivo nos prazos: desde a Administración non se encontrou unha fórmula para que o ciclo de publicación, concesión e desenvolvemento dos traballos puidese saírse dun esquema anual, de forma que o premio tiña que ser convocado e resolto —e o traballo de creación do cómic finalizado— nun mesmo ano, o que desde **AGPI** se considerou un prazo extremadamente curto para a realización dun traballo de banda deseñada. A solución proposta desde a Xunta foi dotar a **AGPI** dun orzamento para que fose a propia asociación quen

convocase o premio, de forma que este quedaría libre dos constrinximentos temporais e doutro tipo. A idea foi estudada, pero desde a asociación solicitouse un maior presuposto, que permitise non só pagar o premio, senón outros gastos importantes na realización dunha convocatoria coma esta: entre outros, o do xurado, que tería que estar composto —así o entendeu a **AGPI**— por profesionais de valía contrastada e a ser posible sen relación directa coa asociación, para garantir de todos os puntos de vista a súa imparcialidade. Ademais, solicitouse que este diñeiro non supuxese a imposibilidade de obter máis fondos públicos para a realización de actividades propias da asociación, en relación a outros campos distintos á banda deseñada, xa que este non é o único sector da ilustración que abrangue a **AGPI**. Con estas condicións, desde Cultura consideraron que ese ano non podían afrontar a convocatoria, e acordouse continuar as conversas no novo curso. Os cambios no organigrama da Xunta levaron á desaparición da Consellería e á mudanza de interlocutores. Novamente, neste 2012 houbo unha reunión co Secretario xeral, e, entre os moitos temas tratados, este demostrou interese en que a idea poida ter continuidade para o ano próximo.

Ao igual que neste caso, outras moitas de reunións este tipo supoñen moitas horas de dedicación que, ademais, non teñen garantida unha resolución satisfactoria. Porén, a directiva considera que é unha das funcións da asociación intentar conseguir mellores proxectos mediante o contacto coa Administración. Desa relación, por exemplo, saíron en 2010 dous proxectos importantes: a exposición e a publicación *Ata aquí podo ler*, co Concello da Coruña, e a *Guía AGPI Ilustración 2011*, coa Consellería de Cultura.

Os proxectos para o futuro inmediato. Entre as moitas cuestións en que se está a traballar, a directiva da **AGPI** (e mais o director do evento, **Manel Cráneo**) están xa a perfilar a edición deste ano do **Encontro Galego de Ilustración**, novamente prevista para o derradeiro sábado de outubro. Para esta ocasión, con varios detalles aínda por confirmar no momento da redacción deste artigo, un dos temas da xornada será o da animación, un ámbito que ocupa a varios dos nosos socios e que ademais está a ser, dunha forma ou outra, campo de interese para cada vez máis ilustradores.

Por outra parte, será a finais de agosto cando se realice o primeiro dos **Cursos AGPI**. Tratarase

de sesións de mañá e tarde, en formato de clase maxistral, dunha xornada de duración (inicialmente, en sábado, para posibilitar a asistencia de máis ilustradores). Convocaranse de forma periódica, en diversas localidades, e para as primeiras edicións contarase con locais na Coruña (o centro Ágora) e Vigo (a academia Aula D). Concretamente, este primeiro curso, dedicado á cor, será na Coruña e terá como profesores a **Patricia Castelao** e **Sergio Casas**. Os cursos estarán abertos a todo tipo de público, pero terán prazos reservados e prezo reducido para os socios da **AGPI**. A través da web da asociación poderá encontrarse información actualizada sobre prezos, datas e prazos de inscrición e realización.

Banda deseñada, aquí e agora

José Domingo, David Rubín e Jacobo Fernández dannos a súa visión sobre a situación actual da creación de cómic en Galicia

HENRIQUE TORREIRO

Arredor dunha trintena dos socios da **AGPI** dedícase, polo menos parcialmente, á produción de banda deseñada, nos máis diversos estilos e tendencias. Nun momento especialmente áxido para os cómics en todo o panorama estatal, falamos sobre o tema con tres socios que están dando moito que falar coas súas obras: **José Domingo**, flamante gañador do Premio á Mellor obra nacional no Saló del Còmic de Barcelona por *Aventuras de un oficinista japonés* (Bang Ediciones); **David Rubín**, que está a recoller moi boas críticas con *El héroe* (Astiberri); e **Jacobo Fernández**, que acaba de ver publicada a

versión española (e aumentada) do seu *Lois Pereiro: Breve encontro* (Xerais e Sins Entido).

Preguntámoslles aos tres cales cren que son, desde a experiencia persoal de cada un, os factores clave para a creación de boa banda deseñada. **José Domingo** considera que é «entender que fondo e forma son dúas caras da mesma moeda»; hai, por tanto, que «crear obras nas que os aspectos narrativos, de debuxo e de guión conformen un todo indisoluble»; e, sobre todo, poñerlle alma ao traballo, tratar de achegar a nosa visión, que na BD se evidencia nos elementos mencionados»; eses

elementos, segundo **José**, son a «voz» do autor, e cómpre que esta sexa «tan persoal coma a propia voz real para que se converta nunha forma de expresión e comunicación que conecte co lector». **David Rubín**, pola súa parte, estima que a clave está na fórmula «persistencia, fuxir da autocompracencia, apertura de miras, autocrítica, risco e talento». **Jacobo Fernández** cre, en cambio, que non hai tales factores: «podemos pensar en condicións laborais, en educación artística, en cultura *comiqueira* e literaria, en liberdade creativa, no apoio dunha industria, en distribuidoras transparentes, na existencia de lectores, e en mil cousas máis; pero ningunha delas che asegura a



Ilustración de David Rubín para 'El héroe – Libro uno'


© DAVID RUBIN

Pormenor dunha das viñetas de
‘Aventuras de un oficinista japonés’

© José Domingo

creación dunha boa banda deseñada». «Falamos de arte, logo de misterio», conclúe.

A situación actual, tanto galega como peninsular, é — nisto están de acordo os tres — a mellor que se ten dado. Non obstante, hai cuestións que aínda habería que mellorar. Para **José Domingo** trataríase, principalmente, de «que ao cómic se lle dea o recoñecemento que merece como medio artístico, e deixe de recibir un trato marxinal por moitos dos sectores da sociedade». Afinando máis, matiza que «hai tamén un público de BD moi interesado, informado e formado, moi fiel e que é o que salva os trastes da industria», mais que o que fai falta é «que ese sentir chegue ao “gran público”». «Coido», engade, «que en moitos aspectos aínda estamos nun punto carnavalesco e deostado que non fai xustiza ás grandes obras e autores que temos no país, e que tivemos no pasado». **David** ve necesaria «unha maior implicación (económica e loxística) na publicidade das obras por parte das editoriais». **Jacobo**, facendo uso da ironía, apunta: «dáme a sensación de que hai un tipo de editor que



persistencia),
mentres que para
facer os teus propios cómics non tes traba nin-
gunha». **David** e **Jacobo** non ven tan clara a
tendencia. Para **Rubín**, «hai de todo. Aquí hai xente
que fai BD de autor, outros que fan superheroes, e
hainos que fan francobelga; nese sentido non penso
que sexamos unha xeración pechada a un só estilo
e temática». **Fernández** concorda: «penso que a BD
galega segue a ser moi variada. Hai moita xente
traballando en industrias potentes, formando parte
desa engrenaxe. Creo que se mantén a riqueza
en estilos e en enfoques laborais destes últimos
anos».

Non obstante, ante pregunta de se hai espazo
para unha BD máis «industrial», que permita unha
remuneración máis segura (ou maior) para os
autores, **Jacobo** inclínase neste caso pola retranca:
«por suposto, e ademais sei exactamente onde está
ese espazo, pero polo momento non podo falar; é
un segredo dos Illuminati». **José** opina que, «a nivel
galego ou estatal, esa baza estaría máis na creación
de BD para editoriais grandes ou xeralistas,
especialmente nos sectores infantil e xuvenil, cousa
que polo de agora non está despegando, malia que
houbo algúns intentos, e tería que consolidarse de
maneira que haxa suficiente volume de publicación
para que houbese unha oferta de traballo estable».
«É unha cuestión de escolla», di **David**. «Se queres
facer superheroes ou liña francobelga, aí está a
seguridade, pero a min, mentres poida evitalo, non
me interesa». «Penso nisto como unha carreira de
fondo», continúa dicindo; «vas superando etapas e
en cada nova etapa a remuneración é maior: todo

**A SITUACIÓN ACTUAL,
TANTO GALEGA COMO PENINSULAR,
É A MELLOR QUE SE TEN DADO.
NON OBTANTE,
HAI CUESTIÓN QUE AÍNDA
HABERÍA QUE MELLORAR.**

aínda non se deu na fauna autóctona. Se cadra é pola
alimentación ou o clima». Reflexiona tamén sobre
se o que temos pode definirse xa como panorama:
«como moito temos un “mundillo”».

Pode dicirse que en Galicia a tendencia máis
«autoral» é predominante? **José Domingo** cre que si,
aínda que aclara: «tampouco hai unha industria que
permita outro tipo de traballo, polo que os autores
galegos nos centramos maioritariamente en facer as
nosas propias historias». Acrecenta que, dado que a
BD non está adecuadamente remunerada, «máis vale
facer o que che gusta e controlas ao cento por cento,
e logo tratar de exportalo a cantos máis sitios mellor,
para amortizar o traballo o máis posible». «Non nos
enganemos», prosegue, «chegar a esas industrias
é difícil por varias cuestións (calidade, contactos,



A edición francesa de 'Aventuras...'

© JOSÉ DOMINGO/BANG ED.

vai sumando». O camiño da autoría «é máis difícil, máis duro e arriscado, pero conduce ao mesmo sitio que o outro: a seguridade económica», coa vantaxe de ter

amais «toda unha bagaxe e un renome como autor que non se consegue doutro modo».

O futuro da BD galega, agora que parecen desaparecer iniciativas públicas e privadas a prol da creación de cómic, é enxergado con bastante optimismo polos tres autores. **José Domingo** di: «o panorama actual pode resultar un tanto desalentador, especialmente para os que están comezando, que poden acharse sen incentivos para producir obra ou desalentarse nos primeiros compases da súa andadura profesional; mais segue habendo vías para sacar o teu traballo á luz: a autoedición segue estando aí, e internet é unha ferramenta moi poderosa para mostrar os teus traballos e asociarte, sen esquecer a creación dalgunha nova editorial moi centrada en sacar traballos de autores galegos, como **Demo**. E mentres haxa creadores inquedados e con ganas de saír adiante, atoparán a maneira». Porén, ve máis grave o tema dos premios e concursos, xa que aí o apoio institucional é «case imprescindible». **David** comparte esta opinión: «sempre haberá continuidade; cando comezamos nós había moito menos que o que hai agora, e aquí estamos dando guerra e publicando. Sei que veñen máis autores novos detrás de nós, e estou desexando ver os seu traballos». Engade que hai novas iniciativas particulares que están a xurdir, e pon de exemplo a reactivación do concurso de BD en galego d'**O Alfaiate**. «Estamos noutro tempo»,

sentencia **Jacobo**. «A saúde da BD está, como sempre estivo, nos autores; por iso está asegurada. Porque os veteranos, os semiveteranos e os novos seguen e seguimos facendo páxinas e buscando cousas na BD. E agora queremos facilitarlle o camiño aos que empezan». «Queremos ensinar», di, en referencia á recentemente inaugurada escola profesional de cómic **O Garaxe Hermético**, onde el é un dos profesores. «Aséntanse as editoriais de cómic galegas, e as editoriais xeralistas comezan a sacar banda deseñada doutro xeito, e hai fanzines novos. Polo tanto a cuestión segue viva e en evolución». «As xeracións futuras», conclúe, facendo uso novamente da ironía, «farán moitos máis cómics ca nós porque non terán outro xeito de gañar a vida. Agromará entón unha obra mestra en cada casa arruinada, e en cada parque engulido pola selva. Serán as novas historias en papel barato; e o lector, ao remate da súa lectura, sentirase agradecido, non estafado. E pedirá máis».



Unha viñeta de 'Lois Pereiro: Breve encuentro', de Jacobo Fernández

© JACOBO FERNÁNDEZ SERRANO

A Feira de Boloña: ideas para visitala

Despois da súa experiencia asistindo á Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña (Italia), Almudena Aparicio dávos algunhas pistas sobre como tirar o maior proveito da visita de calquera ilustrador a este evento de primeira magnitude.

ALMUDENA APARICIO ANDIÓN



FOTOS: © ALMUDENA APARICIO

'Ingreso'

Cando cheguei por primeira vez ao recinto feiral, o que me chamou a atención foi a cantidade de xente que se concentraba nas billeteiras da entrada. En momentos así, unha alégrase de levar preparada a entrada no peto e poder pasar de largo... Para quen teña previsto ir, sobre o mes de setembro adoitan abrir unha convocatoria para presentar ilustracións (de temática libre) para optar a participar na **Mostra Ilustratori** como parte do programa. Tan só por presentarse, a organización acostuma ofrecer un pase gratuito para toda a feira. Para quen se lle pase o prazo, tamén pode obterse un pase de visitante por un prezo reducido se se envía unha petición á secretaría da feira coa suficiente antelación.

Se, a pesar de todo, chegas á feira sen ningún desconto preparado, podes acreditarte como ilustrador entregando a túa tarxeta persoal de contacto. A organización comprobará se tes algún tipo de referencia do teu traballo na Internet e, se

é así, aplicarán un pequeno desconto na compra da entrada. Recomendovos que propoñades a consulta do voso traballo na galería da **AGPI**, xa que se trata dunha web para profesionais, que non admite ningunha dúbida sobre a veracidade dos vosos traballos.

'Il muro del pianto'

Unha vez dentro, a miña primeira parada foi no famoso **Muro**, un espazo máis ou menos informal no que os ilustradores deixan unha mostra do seu traballo, tarxetas de contacto, despregables, trípticos, postais e canta cousa se vos poida ocorrer.

Visto desde fóra, pode parecer que deixar unha tarxeta nunha destas longuísimas paredes (entre unha marea de papeis cheos de cor) pode resultar pouco proveitoso, pero nada máis lonxe da realidade. Este lugar é de tránsito obrigado para o acceso aos distintos pavillóns, polo que por aí pasan de forma

continuada editores, axentes, directores artísticos...; en resumo, canto visitante estea por alí. Malia que é verdade que todo o mundo se para simplemente a osmar as «novidades do taboleiro de anuncios», outros tantos van collendo mostras de traballos ou tarxetas.

Resulta moi interesante ver a reacción da xente perante as distintas propostas dos ilustradores. Apréndese moito, como tamén se aprende dos demais colegas de profesión que vas coñecendo; todo isto converte a zona no *meeting point* de referencia.

A modo de prospecto informativo, diría que as claves para explotar ao máximo este lugar serían as seguintes:

- Planificar o material que se poida necesitar para fixar as mostras á parede, e incluído na equipaxe.
- Logo de chegar á feira, achegarse ao muro e buscar a localización máis adecuada para o material que se teña preparado, xa que as paredes se enchén enseguida.
- O sistema máis repetido que teño visto é o de utilizar unha imaxe acompañada polo nome do ilustrador e os seus correspondentes datos de contacto. A xente á que lle interesa non adoita tomar nota, pero a miúdo usan a cámara de fotos do teléfono, e listo.
- No caso de optar por deixar un material que se poida levar, convén comprobar de cando en vez se se vai acabando, para poder ir repoñéndoo. O bo deste sistema é que pode servir para ir comprobando se o teu traballo resulta polo menos interesante.
- Hai quen non ten reparos en tapar o traballo doutros compañeiros, polo que non está de máis comprobar que o que puxeches estea perfectamente visible, sobre todo os datos de contacto... Aínda que non o pareza, hai sitio para todos!



• Asegurarse de que conserve todas as suxeicións, como por exemplo as chinchetas.

• Merece a pena dedicar un tempo para ver os traballos da «competencia»: é moi curioso e instrutivo.

Citas con editores

Cando decidín embarcarme na aventura de ir á **Bologna Children's Book Fair 2012**, marqueime un claro obxectivo:... amortizar a viaxe! Por ese motivo, procurei concertar todas as citas que me fose posible antes de partir. Aínda así, tiña ocos no meu horario persoal, polo que me dediquei a cerrar máis encontros.

Na maior parte dos postos había que ir preguntando se recibían ilustradores (resultaba esgotador), ata que entrabas no pavillón alemán, no que, como se se tratase dun establecemento comercial, dispuñan dun horario de «apertura» para

RESULTA MOI INTERESANTE VER A REACCIÓN DA XENTE PERANTE AS DISTINTAS PROPOSTAS DOS ILUSTRADORES NO 'MURO'. APRÉNDESE MOITO.

ilustradores, polo que tan só había que pórse na fileira e agardar a vez.

Nalgúns postos non recibían os ilustradores, mais dispuñan dalgunha caixa —ou caderno, ou cesta— en que recollían mostras de traballos.

Conselliños que vos podo dar unha vez que pasei pola experiencia:

- Concertar citas nas datas previas á viaxe facilita moito as cousas.
 - Cómpre preparar o portafolios: escoller moi ben o contido e a secuencia de imaxes.
 - Imprescindible: tarxetas de visita ou de contacto.
 - Deseñar algún tipo de material que lles poida servir de mostra do teu traballo unha vez que regresen aos seus países de orixe: marcapáxinas, postais, folletos...; é importante que inclúan os datos de contacto.
 - Conseguir un mapa da feira e localizar nel as diferentes citas que se teñan concertadas, xa que en ocasións as citas teñen lugar de maneira consecutiva en distintos pavillóns, e hai que calcular o tempo que se necesita

para ir dun posto a outro.

- Planificar o horario para xestionar o tempo de forma efectiva.

- Coñecer o traballo e as distintas liñas editoriais da empresa con que o ilustrador se vai entrevistar.

- Ter certa fluidez ou axilidade cos idiomas (predomina o uso do inglés e do italiano).

- Anotar os comentarios que se fan sobre o traballo nas diferentes editoras; despois duns cantos días na feira, asegúrovos que resulta moi difícil recordar que cousa dixo que editorial.

- Levar algo para ir gardando as tarxetas de contacto, que, se se ten sorte, os editores ou axentes entregan ao finalizar a entrevista. Eu utilicei un tarxeteiro e hei de reconecer que me resultou moi cómodo.

- Valorar se merece a pena pórse na ringleira de espera dunha editorial (ás veces a espera pode durar horas) ou se é mellor investir ese tempo en buscar outro posto en que reciban, que sexa máis afín ao traballo do ilustrador.

- Intercambiar información con outros ilustradores axuda, e moito... É moi recomendable!

'Caffè degli Illustratori'

Un importante punto de referencia da feira é o «Café dos Ilustradores», un espazo dedicado a intercambiar información con algúns dos artistas e críticos literarios máis influentes no panorama literario actual. O formato desta actividade consiste nunha morea de mesas e cadeiras de cafetería en que é posible descansar os pés e escoitar na mesa do lado a conversa de varios profesionais do sector. Calquera pode interromper cando o considere oportuno para achegar as súas impresións sobre o que se está a contar ou para facer preguntas. O ambiente é moi distendido e agradable.

Reservas de hoteis e transporte

Boloña caracterízase por ser unha cidade de congresos, e é famosa pola súa universidade, polo que frecuentemente está chea de visitantes. O propio concello de Boloña dispón dun *website* para facilitar aos visitantes a busca de *alberghi* e toda a información necesaria para preparar a visita, bolognawelcome.com

Os prezos do aloxamento varían dependendo de se as datas están próximas a unha feira, e esta norma é aplicable tanto aos hostais como aos hoteis, pensións, *bed & breakfast*, albergues, etc. Por poñer un exemplo, cando andaba a buscar aloxamento pola rede, chegarónome a duplicar o prezo dun *bed & breakfast* simplemente por coincidir coas datas da feira.



Falando con outros ilustradores que coñecín na feira, outra opción económica é a de compartir un apartamento, xa que adoitan facer alugueres por unha semana. Outra máis é a dos hoteis que ocupan unha planta ou dúas dun edificio, no que podes utilizar un cuarto con dereito a un servizo compartido. Funcionan dun xeito similar o das casas de hóspedes. Normalmente están localizadas próximas á cidade universitaria ou no propio centro da cidade.

Finalmente, vendo o panorama, probei sorte coas diversas opcións de voo e hotel que ofertan en internet e... bingo! Se collía o aloxamento por un lado e o avión por outro saíame como unhas tres veces máis caro que con esta opción. O único punto en contra é que o aloxamento estaba nas aforas, pero pagaba a pena a diferenza, xa que a maior parte de hoteis poñen a disposición dos hóspedes un autobús para visitar a feira. Se non é este o caso, non hai problema de transporte: a cidade dispón dunha efectiva rede de transporte público.

Recoñezo que tiven moita sorte co meu aloxamento, pero tamén que fixen as reservas no mes de outubro do ano anterior. Pola contra, coñecín xente que para poder aloxarse neses días tiñan que durmir cada noite nun hostel ou pensión, ou alugando cuartos en casas particulares —cada día!—, por prepararen a viaxe con dous meses de antelación. Así que, polo que puider vivir e polas experiencias doutros ilustradores, o segredo para conseguir un bo aloxamento e a un bo prezo é a anticipación.

Confío que a miña experiencia vos poida ser útil para unha futura visita á feira; tan só necesidades unha actitude positiva e zapatos cómodos. Aos vindeiros visitantes deséxovos moitísima sorte, ou como din por alá... *in bocca al lupo!!!*

Xa están publicadas na web oficial as datas para a feira de 2013. Toda a información pode consultarse na súa web, www.bolognachildrensbookfair.com/info

FADIP publica o 'Nuevo libro blanco'

Está xa dispoñible, tanto en papel como en formato dixital, a nova publicación auspiciada polo Observatorio da Ilustración Gráfica: o 'Nuevo libro blanco de la ilustración gráfica en España', subtítulo 'Guía práctica para profesionales de la ilustración'.

Ao contrario do que podería parecer, non se trata dunha edición revisada do *Libro blanco* publicado en 2004 —que se considera vixente na maior parte do seu contido—, senón dun novo enfoque, un proxecto que reúne, de forma resumida e concisa, os materiais publicados nos últimos anos polas asociacións.

O volume, que conta co patrocinio do Ministerio de Cultura, pretende ser unha guía sinxela para o exercicio da profesión de ilustrador/a: por exemplo, como defender os dereitos de autor das obras, como relacionarse co cliente e coa Administración, ou como coñecer o funcionamento dos diferentes mercados relacionados coa ilustración. O *Nuevo libro blanco* busca ser de utilidade tanto para aquelas persoas que se estean a iniciar na profesión como para os ilustradores e ilustradoras máis veteranos.

A súa redacción vén avalada pola **Comisión de Profesionais do Observatorio**. A Comisión está

composta por relevantes profesionais de distintos ámbitos —ilustración, dirección artística, edición, xurídico—, de importante traxectoria profesional e persoal: **Horacio Altuna, Pablo Amargo, Elisa Arguilé, Arnal Ballester, Ulises Culebro, Ricardo Esteban, Manuel Estrada, Isidro Ferrer, Forges, Miguel Gallardo, Pablo Martínez, Max, Albert Monteys, Elena Odriozola, Javier Olivares, Carlos Ortín, Miguelanxo Prado, Mariona Sardà, Rosa Serrano e Javier Zabala**.

O *Nuevo libro blanco* divídese en cinco capítulos e mais un de anexos. Os capítulos son os relativos a «**O ilustrador en España**» (perfil socioeconómico; formación), «**O ilustrador e os seus dereitos**» (contratación; dereitos de autor; copyright e licenzas Creative Commons...); «**O ilustrador perante a Administración**» (altas en Facenda e a Seguridade Social, a facturación e o IVE, os traballos para o estranxeiro...); «**O ilustrador fronte aos seus clientes**» (orxamentos; criterios de viabilidade; negociación; axentes; os mercados da ilustración; a promoción; as feiras internacionais...); e «**O ilustrador e o seu colectivo profesional**» (as asociacións; VEGAP). Nos anexos, poden encontrarse catorce modelos de contrato para os diferentes ámbitos de traballo —todos eles buscando a actualización, de forma que sexan útiles tamén para os ámbitos dixitais—, e ademais modelos de factura e unha guía para clientes.

O libro pode descargarse de forma gratuita desde a web de **FADIP** (<http://goo.gl/Eubhy>), en PDF e EPUB, ou ben pedirse en papel, por 10 euros, a **AGPI** ou a **FADIP**.

